



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN E FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017

**REUNIDOS**

Dunha parte, Dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nomeada polo *Decreto 148/2016, do 13 de novembro, intervindo en representación da Xunta de Galicia*, en virtude das atribucións conferidas polo art. 34 da *Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia*.

Doutra parte, Don Javier Nogueira Diz, presidente da Federación Galega de Caza, proclamado pola Xunta Electoral da FGC con data 27-12-2014, en virtude do establecido nos arts. 16.9 e 16.11 da *Orde do 8 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*, pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, e ratificado polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia con data 3-6-2015.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

**EXPOÑEN**

I. Este convenio ten por obxectivo establecer a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio e a Federación galega de Caza para a realización de actividades de divulgación, formación e de fomento da actividade cinexética e materias con ela relacionadas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no *Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio* ten atribuída a competencia en materia de caza, de acordo coa regulación recollida na *Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia*. Esta competencia está recoñecida no Estatuto de Autonomía (Art.27.30,30,1.3 e 33.1) aprobado pola *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, e que lle foron transferidas en virtude dos Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza,*



1234/1983 do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de Agricultura, Pesca e Conservación da Natureza.

III. Que a Federación Galega de Caza foi constituída ao abeiro da lexislación deportiva aplicable no seu momento, actualmente regulada pola *Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia* e cumpre todos os requisitos establecidos no art.10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario*.

A Federación Galega de Caza é a entidade máis representativa dos cazadores galegos, organízase en base os catro Comités Provinciais e intégrase co conxunto das federacións rexionais na Federación Española de Caza.

De acordo co establecido nos seus Estatutos (aprobados mediante Asemblea Xeral do 18/12/2015, e ratificados por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte de data 27-1-2016), a Federación Galega de Caza é a único organismo que agrupa con carácter obrigatorio aos deportistas profesionais ou afeccionados, xuíces e árbitros, técnicos, ás sociedades ou asociacións, clubs, agrupacións e seccións deportivas, dedicadas á práctica do deporte da caza ou actividades que con ela se relacionen, asumindo, de acordo coas disposicións legais vixentes, a dirección técnico-deportiva das actividades cinexéticas nos seus aspectos deportivos en xeral.

Así mesmo, a Federación Galega de Caza está declarada de utilidade pública e baixo a tutela da Administración deportiva, de conformidade coa *Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte* e coa *Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación* e comportará os efectos establecidos nas mesmas exercerá en réxime de exclusividade, entre outras funcións públicas delegadas, a promoción e a divulgación do deporte da caza en tódalas súas facetas, e a orientación dos deportistas á práctica do deporte da caza, mediante os oportunos cursos de iniciación, formación e perfeccionamento.

A Federación é a representante da Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter estatal e internacional, que se desenvolvan dentro e fora do territorio español.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMAOT e a Federación Galega de Caza, dentro do marco de colaboración xa existente entre ámbolos dous organismos, establecen o presente convenio con acordo as seguintes



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Caza para o fomento da actividade cinexética sustentable no ámbito da comunidade autónoma de Galicia a través da organización de actividades para a promoción e divulgación nesta materia.

### SEGUNDA.- OBRIGAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

A Federación Galega de Caza comprométese ao seguinte:

1. A organización das actividades que se relacionan no anexo que se acompaña a este convenio, así como a súa divulgación.
2. A elaboración das memorias e informes sobre o estado e cumprimento das actividades sinaladas no anexo deste convenio, así como daquelas outras actividades relacionadas que contribúan á consecución dos obxectivos deste convenio, que sexan requiridos pola CMAOT.
3. A proposta e colaboración coa CMAOT na realización de accións conxuntas encamiñadas a potenciar e difundir a protección da fauna cinexética e do medio natural, así como do seu aproveitamento sustentable; promoción coa divulgación e fomento dos valores medioambientais asociados a práctica de caza, tales como o coidado e respecto á natureza.
4. Facer figurar expresamente en tódolos anuncios e documentos que se elaboren e teñan relación coas distintas actividades, a colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecida para a súa concesión.





6. Facilitar toda a información que se lle sexa requirida pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio en relación coa xustificación do convenio, así coma pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axudas.

### TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

A Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

1. Deseño e supervisión das propostas de accións encamiñadas a potenciar, difundir e mellorar a actividade cinexética.
2. Financiar as actividades contempladas no convenio.

### CUARTA- FINANCIAMENTO.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio achegará dentro do exercicio 2017, unha contía de vintecinco mil euros (25.000 €), con cargo á partida orzamentaria 07.03.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

### QUINTA-RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

Será de aplicación o disposto na *Lei 9/2007, do 13 de xuño* e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia a Federación Galega de Caza, na súa condición de beneficiario, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.




c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a Federación Galega de Caza asume como beneficiario as seguintes obrigas:



- De acordo co previsto no artigo 28 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, unha vez rematadas as actuacións deberá ser xustificado perante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, responda á natureza das actividades subvencionables e se realicen dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 30 de novembro de 2017. A tales efectos antes do 15 de novembro de 2017 a Federación Galega de Caza achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos. Os pagamentos, xustificacións dos gastos e pagamentos axustaranse ao disposto no *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño*.

- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto do presente acordo.

- Comunicar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente



acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio. De acordo co artigo 28.6 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións e recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100% do custo total do gasto.

- Reintegrar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de acordo co artigo 33 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

#### SEXTA- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por dous representantes que serán designados por ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións do presente Convenio.

Esta Comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A citada comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

#### SÉTIMA- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017, e manterá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2017.

#### OITAVA- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

#### NOVENA- CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase por mutuo acordo das partes ou polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas.



XUNTA DE GALICIA



galicia

#### DÉCIMA.- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na *Lei 9/2007, do 13 de xuño* e no seu Regulamento de desenvolvemento.

#### UNDÉCIMA. - PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos personais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da *Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro)* e o *Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DGA nº 149 do 3 de agosto)*.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo.

A conselleira de Medio Ambiente

O presidente da Federación Galega de Caza

e Ordenación do Territorio



Beatriz Mato Otero

Javier Nogueira Diz



## ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA , PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN E DE FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

### ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

**Actividade I: Prevención da siniestralidade e Seguridade na práctica cinexética: Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.**

**Descrición:** O curso de *Prevención da Siniestralidade* ten por obxecto a formación dos cazadores nas medidas de seguridade que deben adoptarse tanto durante a práctica da actividade cinexética como na organización de cazarías colectivas (batidas, montarías, etc), e instruílos en primeiros auxilios para unha correcta actuación no caso de accidentes ou enfermidades comúns.

Os cursos, que poderán ser presenciais (un en cada provincia) e/ou online, desenvolveranse en dous bloques: Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.

**Destinatarios:** Responsables de cazaría, cazadores, deportistas, gardas.

**Duración:** 4 horas

**Data de realización:** Entre maio e outubro do 2017

**Orzamento:** 12.000 Euros

**Actividade II: Cursos de formación dos responsables das sociedade de caza**

**Descrición:** O Curso *Formación de Responsables de Sociedades de Caza*, ten por obxecto formar aos responsables das sociedades de caza na xestión interna e administrativa dunha entidade asociativa e na xestión e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos.

O curso poderá ser presencial (un en cada provincia) e/ou online.

**Destinatarios:** Directivos de sociedades de caza, administrativos, cazadores.

**Duración:** 4 horas





XUNTA DE GALICIA



**Data de realización:** Entre maio e outubro do 2017

**Orzamento:** 11.000 €

**Actividade III: I Encontro das Xuventudes pola Caza**

**Descrición:** O *I Encontro das Xuventudes pola Caza* (ou I Xornadas de Convivencia das Xuventudes), ten por obxecto a promoción e divulgación da Caza –entre a xuventude– como deporte saudable e como unha actividade sostible, fomentando así o relevo xeracional.

O I Encontro das Xuventudes consistirá nunhas xornadas de convivencia dos mozos e mozas galegos, menores de 30 anos, que practican a caza ou outras actividades relacionadas con ela, durante as cales a mocidade poderá participar en diversas actividades lúdico-deportivas, e en charlas ou conferencias relacionadas coa actividade da caza e co deporte cinexético.

As xornadas terán lugar nas instalacións da SD Rio Sar, situadas en Vilouchada, Chaian, no municipio coruñés de Trazo.

**Destinatarios:** Mozos e mozas galegos, menores de 30 anos, que practiquen ou teñan previsto practicar a caza, .

**Duración:** 8 horas

**Data de realización:** 29 de xullo 2017

**Orzamento:** 2.000 €

*[Handwritten signature]*